

PRESENTACIÓN EN MUXÍA DE “O NOSO AMOR SERÁ ETERNO” DE X. H. RIVADULLA CORCÓN. PUBLICADO POR EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA E ORGANIZADA POLA FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE.

“O noso amor será eterno” é o novo libro publicado polo escrito muxián X. H. Rivadulla Corcón. Trátase dunha novela que publica Edicións Xerais de Galicia dentro da colección Fora de Xogo. **A novela será presentada en Muxía o próximo día 8 as 20 h. No Salón de Actos do Voluntariado.** No acto participaron **Felix Porto** (Alcalde de Muxía e Presidente da Fundación Gonzalo López Abente), **Viki Rivadulla** (Escultura, pintora e Secretaria da Fundación Gonzalo López Abente), **Miro Villar** (Escritor e Patrón da Fundación Gonzalo López Abente), **Manuel Bragado** (Director de Xerais) e o autor.

Trátase dunha novela que se desenvolve no tempo actual, en Muxía, pero ten a súa orixe na lenda da Furna da Buserana, unha das lendas de maior tradición na cultura propia desta vila, cultura que é homenaxeada ao longo de toda a novela, pois o autor elaborou o argumento valéndose dos elementos máis representativos desta cultura.

ARGUMENTO EXTRAIDO DA CONTRAPORTADA DO LIBRO:

O trovador Buserán tiña dezaoitos anos, era home forte, de mirada chea de nobreza. A súa amada, Frolinda tiña 16, posuía unha beleza que estremecía os seres sensibles e o seu corazón estaba enchido de bondade e xenerosidade. Sentiron que querían estar abrazados, cada un habitar nos brazos do outro, comprenderon que nada na vida tería sentido se non a vivían xuntos, xuraron que seguirían unidos, pasase o que pasase. Buserán prometeulle que a forza do seu amor non sería inútil e Frolinda aseguroulle que o seu amor sería eterno. Rocío e Ramón, veciños da mariñeira vila de Muxía, ese mascarón de proa da vella Europa, coñecerán no acantilado da furna Buserana a fermosa pero trágica historia de amor eterno entre aquel trovador e a súa namorada.

O AUTOR

X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) é poeta, narrador, dramaturgo e guionista. Na TVG dirixe o programa “A vida do mercado”, e con anterioridade os programas “Salitre e vento”, “Caravana de sabores” e “Planeta fantasía”, ademais de distintos documentais entre os que destacan “Coralía e Maruxa, as irmás Fandiño” e “Redeira, un oficio galego e de mulleres”. Na Radio Galega dirixiu o programa “A casa do vagabundo”. Preside o Foro de Asociacións de Guionistas do Audiovisual. É vicepresidente da Fundación Gonzalo López Abente. Publicou a novela Do mar e a noite (2002); os poemarios Taberna á deriva (2002), O adeus do vello mariñeiro (Xerais 2007), Camiño ao mar (2010) e Os papeis do vagabundo (2010); as novelas infantís e xuvenís O bebé máximo (2000), O elefante dunha soa orella (2004), ¿A que veñen as gaivotas a Compostela ? (2006), O sorriso de Claudia (2007), A balada de Roi Nemiña (2007), e Os piratas da illa da Esperanza (Xerais, 2008); as pezas teatrais ¡Furga Garabela! (2001) e Salitre (2003). Na colección Fóra de Xogo estréase con O noso amor será eterno (Xerais, 2011).